

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Subvencións e axudas

BASES DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O APOIO AO DESENVOLVEMENTO DE FESTIVAIS AUDIOVISUAIS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2023

A Xunta de Goberno desta Deputación, na súa sesión ordinaria do 24 de xaneiro de 2023, acordou, entre outros asuntos, aprobar as seguintes bases:

BASES DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O APOIO AO DESENVOLVEMENTO DE FESTIVAIS AUDIOVISUAIS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2023

De conformidade co previsto na Lei 55/2007, de 28 de decembro, do cinema, na súa exposición de motivos, a actividade cinematográfica e audiovisual conforma un sector estratéxico da nosa cultura e da nosa comunidade.

Posto que a cultura audiovisual, da que sen dúbida o cinema constitúe unha parte fundamental, está presente en todos os ámbitos da sociedade actual, a Deputación de Pontevedra quere impulsar un novo marco de actuación cultural baseado nas seguintes premisas:

1. O pulo do sector audiovisual galego, considerado estratéxico para a comunidade e a nosa provincia
2. A consolidación de industrias audiovisuais competitivas, con posibilidades de exportar e darlle rendibilidade social e económica á cultura galega
3. A busca da excelencia nos produtos culturais galegos, coa posta en valor da cultura galega a través da creación e da divulgación de produtos audiovisuais
4. O fomento de marcos e espazos expositivos para promover os produtos audiovisuais galegos na provincia de Pontevedra

Así, a existencia das mencionadas industrias audiovisuais é fundamental para o desenvolvemento da actividade cultural e, en definitiva, para o acceso igualitario da cidadanía á cultura. A súa eventual desaparición ou enfraquecemento causados por situacións externas anómalas ou de emerxencia supoñería privar as e os cidadáns dun dereito constitucionalmente establecido.

Deste xeito, a Deputación, con esta liña de subvencións, activa desde o ano 2017, subvenciona unha media de oito festivais audiovisuais cada ano, o que demostra o interese da institución neste tipo de accións públicas.



Mércores, 15 de febreiro de 2023

Núm. 32

Desde o punto de vista competencial, no artigo 32 da Lei 55/2007, de 28 de decembro, do cinema, prevese a existencia de axudas para a organización de festivais e certames cinematográficos de recoñecido prestixio que teñan lugar no territorio nacional.

Adicionalmente, de conformidade co establecido no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, é competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, e no artigo 118 d), a organización de actividades cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Segundo o exposto e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, convócase esta liña de subvencións para o apoio ao desenvolvemento e á organización deste tipo de eventos na provincia de Pontevedra durante o ano 2023 de acordo coas seguintes

BASES

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto aprobar a convocatoria pola que se rexerá a concesión, seguimento e xustificación de axudas para a organización de festivais ou certames cinematográficos de prestixio que teñan lugar na provincia de Pontevedra e que lles dediquen especial atención á programación e á difusión do cine galego e ás demais variantes lingüísticas de produción.

Segunda. Dotación e imputación orzamentaria

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria e estas convocaranse con cargo á aplicación 23/330.3340.489.05 do Orzamento da Deputación para o ano 2023 por un importe total de cento cincuenta mil (150.000) euros.

De acordo co artigo 32.3 da Lei 55/2007, de 28 de decembro, do cinema, a axuda para a realización de festivais e certames non poderá superar o 50 % do orzamento presentado para a súa realización.

Terceira. Réxime aplicable ás axudas

A xestión e a concesión destas axudas realizaranse mediante o procedemento de concorrência competitiva, segundo os criterios previstos na base décimo cuarta e de acordo cos seguintes principios:



- a) Publicidade, concorrência, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación de efectivos e no uso de recursos públicos.

Estas axudas son compatibles con outras subvencións ou patrocinios, públicos ou privados, para o mesmo proxecto ou finalidade.

En todo caso, a entidade deberá comunicar a obtención doutras axudas, subvencións, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, unha vez teñan coñecemento da súa existencia, e, en todo caso, con anterioridade á xustificación dos fondos percibidos, o que poderá orixinar as correspondentes minoracións no importe da axuda concedida. Así mesmo, no momento da xustificación deberá comunicar, no seu caso, a asignación de fondos propios ao desenvolvemento da actuación.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, transmitiráselle á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

Cuarta. Entidades beneficiarias

Poderán solicitar estas subvencións as entidades que reúnan os seguintes requisitos:

- Carecer de fins de lucro
- Desenvolver a actividade obxecto de subvención no ámbito territorial da provincia de Pontevedra
- Non estar incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir subvencións públicas
- Non estar incursas en ningunha das prohibicións para percibir subvencións recollidas na lei
- Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Seguridade Social, coa Facenda estatal, coa Facenda autonómica e coa Deputación de Pontevedra

Quinta. Requisitos das actividades subvencionables

Para poder optar ás subvencións os festivais deben cumprir os seguintes requisitos:

- a) Levarse a cabo durante o ano 2023
- b) Ter unha duración mínima de catro xornadas e realizar un mínimo de vinte proxeccións
- c) Incluír na programación a proxección de, como mínimo, cinco sesións ou un 10 % de títulos de produción cinematográfica ou de dirección galegas



d) Levar un mínimo de catro edicións consecutivas anteriores á convocatoria destas bases, coa excepcionalidade do ano 2020, polas circunstancias ocasionadas pola COVID-19

e) Incluír na programación actividades paralelas educativas ou formativas

f) Empregar a lingua galega, como mínimo na comunicación nos diferentes soportes e no desenvolvemento das actividades paralelas

Sexta. Gastos subvencionables

Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 23 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da finalidade subvencionada, resulten estritamente necesarios, estean vinculados á edición do proxecto e se inclúan entre os seguintes:

a) Infraestruturas e espazos para as proxeccións

1. Gastos polo aluguer de auditorios, salas ou de equipos de proxección, son ou iluminación
2. Gastos de desenvolvemento ou aluguer de uso de plataformas virtuais para proxeccións e para realizar actividades programadas do festival ou certame
3. Gastos de aloxamento virtual de contidos do festival ou certame relacionados coas proxeccións e coa realización de actividades programadas

b) Gastos de contratación de servizos técnicos e profesionais

1. Gastos de contratación de persoal técnico para a instalación temporal e o manexo dos devanditos equipos
2. Gastos de contratación de servizos profesionais para o desenvolvemento do festival
3. Contratación de azafatas e azafatos, presentadoras e presentadores ou moderadoras e moderadores, e de artistas para actuar no festival, certame ou premio

c) Xestión de películas

1. Gastos por dereitos de exhibición
 2. Gastos de subtitulado de copias
 3. Gastos de transporte de copias
 4. Gastos de dereitos de autoría
 5. Gastos de sistema de entrada
- d) Edición de publicacións: gastos de edición do catálogo e dos folletos de programación do festival, certame ou premio

e) Comunicación e prensa



Mércores, 15 de febreiro de 2023

Núm. 32

1. Gastos de contratación específica de axentes de prensa e de comunicación

2. Gastos de materiais para os medios de comunicación

f) Publicidade e difusión

1. Gastos de campañas publicitarias

2. Gastos de carteis e material de promoción

g) Gastos das e dos convidados directamente relacionados co festival

1. Gastos de desprazamento en medios de transporte colectivo con destino a España e, no seu caso, regreso á orixe, en clase turista, económica ou similar

2. Gastos de desprazamento en medios de transporte colectivo con orixe e destino dentro de España en clase turista, económica ou similar

3. Gastos de aloxamento e manutención das e dos convidados

h) Premios ou galardóns oficiais: premios económicos outorgados polo festival, gastos pola fabricación de figuras, galardóns ou trofeos similares que se entreguen como premios do festival ou certame

i) Gastos de implantación de medidas de seguridade hixiénico-sanitarias e laborais:

1. Gastos de materiais non inventariables e dispositivos de protección e desinfección para o persoal e o público (máscaras, luvas, xeles hidroalcohólicos, xabóns, virucidas, alfombras desinfectantes e aqueles destinados ao mesmo fin); servizos de limpeza e desinfección; así como, materiais de información, sinalización de distancias, separacións, dispositivos necesarios para o control de accesos, e, en xeral, calquera custo de material e a súa instalación relacionado coa adaptación das instalacións ás medidas sanitarias

2. Gastos de elaboración de plans de seguridade e riscos laborais, así como os gastos de formación do persoal derivados destes plans

j) Outros gastos non recollidos nos apartados anteriores e relacionados directamente co festival

Todos os gastos subvencionables deberán pagarse antes de finalizar o prazo de xustificación. En ningún caso se admitirán gastos cuxos prezos sexan superiores aos de mercado.

En ningún caso serán subvencionables:

– Os gastos ordinarios de funcionamento e mantemento da entidade e da promotora ou do promotor, tales coma alugueres de locais, gastos financeiros, licenzas, impostos, asesoría legal, consumos ordinarios (electricidade, gas, auga), entre outros



Mércores, 15 de febreiro de 2023

Núm. 32

- Os gastos de soldos, salarios ou calquera outro tipo de retribución ou remuneración, seguros sociais ou retencións de impostos da promotora ou do promotor, se é persoa física, ou das persoas pertencentes á entidade promotora do festival ou certame
- O investimento ou a adquisición de material ou equipo que supoñan algún incremento do patrimonio da entidade solicitante
- Os gastos protocolarios de festas, cócteles, degustacións gastronómicas ou outros eventos similares
- Os gastos excluídos no artigo 23 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra

Sétima. Lugar e forma de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da LPACAP.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Oitava. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Novena. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a. NIF da entidade titular do centro
- b. DNI ou NIE da persoa representante legal da entidade
- c. Certificado de alta no imposto de actividades económicas, na epígrafe ou subepígrafe que corresponda, no exercicio actual
- d. Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra

Se as persoas interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: EV52APZMWXZKR3QRP



Excepcionalmente, en caso de que algunha circunstancia imposibilitase obter os citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Décima. Documentación

As entidades interesadas deberán presentar a súa solicitude, na que se indicará a actividade concreta que se vai realizar, e xunto con ela achegarán a seguinte documentación:

a) Memoria completa e detallada do proxecto para o que se solicita a subvención, na que se indiquen os datos solicitados para este, que se axustarán e detallarán seguindo os criterios e a orde de valoración especificados na letra B da base décimo cuarta

b) Memoria completa e detallada da última edición do festival, na que se inclúan os datos solicitados para este, que se axustarán e detallarán seguindo os criterios e a orde de valoración especificados na letra A da base décimo cuarta. Esta memoria acompañarase dunha declaración responsable sobre a veracidade da información, que a Deputación de Pontevedra poderá comprobar en calquera momento

c) Dossier de prensa da última edición do festival

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que entreguen. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presentase a documentación complementaria de xeito presencial, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que se realizase a emenda.

No caso de que algún dos documentos que se presenten de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, permitirase a presentación deste de forma presencial nos prazos previstos.

Non será necesario achegar os documentos xa presentados anteriormente. A estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo os presentou.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento antes de formular a proposta de resolución.



Décimo primeira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos xenéricos que poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda á solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian usar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencial segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a realizar o trámite. Os modelos están dispoñibles en:

<https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxeneticos>

Décimo segunda. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos realizaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través da Carpeta Ciudadana e de Dirección Electrónica Habilitada única. Ambos os sistemas son accesibles desde <https://sede.depo.gal>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán en ningún caso efectos de notificación realizada e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



Décimo terceira. Obrigas das entidades beneficiarias

As entidades beneficiarias das subvencións serán as únicas responsables da realización dos festivais, así como das obrigas fiscais e de seguridade social que deles deriven. Estas terán que cumprir as seguintes obrigas:

a) Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, para o contrato menor, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes empresas antes de contratar a prestación do servizo, salvo que polas súas características especiais non exista no mercado un número suficiente de entidades que as realicen, as presten ou as subministren, ou que o gasto se fixese antes da solicitude da subvención

b) Cumprir as medidas hixiénico-sanitarias establecidas pola normativa vixente no desenvolvemento da totalidade das actividades que se realizarán

c) Levar a cabo a actividade subvencionada de acordo co proxecto presentado

d) Notificarlle á Deputación de Pontevedra as axudas, os ingresos ou os recursos que financien a actuación subvencionada, obtidos ou solicitados a outras administracións ou entidades públicas ou privadas logo da presentación da solicitude da convocatoria correspondente

e) Proporcionar en todo momento a información que se lles solicite respecto da subvención concedida e someterse ás actuacións de comprobación da Intervención da Deputación de Pontevedra, segundo a súa normativa

f) Incluír os logotipos da Deputación de Pontevedra, de acordo coa súa normativa básica de identidade corporativa, en todos os elementos de difusión relacionados coa actividade subvencionada

g) Facilitar un espazo para a instalación dunha caseta da Deputación de Pontevedra e colocar os elementos publicitarios que o organismo provincial lles puidese proporcionar

h) Outras obrigas previstas na normativa de subvencións

Décimo cuarta. Valoración e concesión**A. CRITERIOS DE VALORACIÓN DA EDICIÓN ANTERIOR**

1. Contribución ao fortalecemento do sector audiovisual galego: ata 10 puntos

1.1. Nesta epígrafe valorarase o número de producións de autoría galega proxectadas, entendendo por tales aquelas nas que a directora ou director ou a escritora ou escritor do guión sexa de orixe galega ou teña máis de dous anos de residencia acreditada en Galicia

1.2. Curtas: 1 punto

1.3. Longas: 2 puntos



Mércores, 15 de febreiro de 2023

Núm. 32

2. Presenza de obras cinematográficas de autoras e autores de fóra de Galicia: ata 10 puntos

Nesta epígrafe incluírase a relación de autoras e autores de fóra de Galicia coas obras exhibidas no festival, e indicaranse o título, a directora ou director e o país de cada unha delas

2.1. Por cada autora ou autor español: 1 punto

2.2. Por cada autora ou autor europeo: 2 puntos

2.3. Por cada autora ou autor doutros continentes: 3 puntos

3. Número de sesións de proxección desenvolvidas na totalidade do festival: ata 10 puntos

3.1. Ata 20 sesións: 3 puntos

3.2. Entre 21 e 30 sesións: 5 puntos

3.3. Máis de 30 sesións: 10 puntos

4. Asistencia ás proxeccións da edición anterior: ata 5 puntos

Acreditarase cunha declaración responsable ou cun certificado expedido pola secretaria ou secretario da entidade no que consten o número total de asistentes, xunto cos datos individuais de cada unha das sesións, e os seguintes apartados: película, sala de proxección, capacidade total da sala e asistencia á proxección. Non se terá en conta a asistencia ás actividades paralelas: exposicións, conferencias, obradoiros etc.

4.1. Ata 1.000 persoas: 1 puntos

4.2. Entre 1.001 e 3.500 persoas: 2 puntos

4.3. Entre 3.501 e 5.000 persoas: 3 puntos

4.4. Máis de 5.000 persoas: 5 puntos

5. Actividades e accións paralelas desenvolvidas na edición anterior: máximo de 35 puntos

Cada acción só poderá puntuar en cada un dos apartados nos que se inclúa, agás no caso do punto 5.6., que poderá ser unha acción transversal

5.1. Destinadas ao sector audiovisual profesional, coma charlas, publicacións e clases maxistras, apertura de canles de distribución ou outras accións: 1 punto por acción (ata 10 puntos)

5.2. Destinadas ao alumnado en formación audiovisual: 1 punto por actividade ou acción (ata 5 puntos)

5.3. Destinadas a novos públicos, específicos ou en risco de exclusión: 1 punto por actividade ou acción (ata 5 puntos)



Mércores, 15 de febreiro de 2023

Núm. 32

5.4. Destinadas a proxectar o festival en días distintos aos que este teña lugar: 1 punto por actividade ou acción (ata 5 puntos)

5.5. Destinadas a promover a accesibilidade cultural, con servizos de apoio á comunidade audiovisual coma o subtitulado, o bucle magnético, a lingua de signos ou a audiodescrición: 1 punto por actividade ou acción (ata 5 puntos)

5.6. Destinadas a fomentar a lingua galega e a igualdade (ata 5 puntos)

6. Esfuerzo de difusión e impacto social do festival na edición anterior: ata 10 puntos

6.1. Dossier de prensa e comunicacións en redes sociais da edición anterior (ata 6 puntos). Presentarase en PDF coa relación de recortes de prensa e ligazóns a medios dixitais

6.2. Publicación do catálogo do festival: enténdese por catálogo unha publicación que achegue información completa das actividades e da oferta cultural do festival, das formas de acceso, das actividades complementarias etc. (ata 4 puntos). Para os efectos de comprobación, presentase o PDF da publicación ou o enlace dixital a esta

7. Relación dos eventos e das entidades de fóra de Galiza cos que o festival colaborou na edición anterior (1 punto por cada evento ou entidade colaboradora): ata 5 puntos

8. Viabilidade do proxecto: ata 25 puntos

Terase en conta a solidez financeira do festival, para o que se valorarán as achegas de fondos propios da entidade organizadora e os patrocinios de entidades privadas con respecto ao seu orzamento total (co IVE, salvo no caso de ser deducible), relativos á edición anterior.

Non se admitirán como fondos propios as achegas de financiamento doutras administracións públicas das cales se obtivese algún tipo de axuda.

8.1. Entre o 15 % e o 20 % do financiamento acreditado: 5 puntos

8.2. Entre o 20,01 % e o 30 % do financiamento acreditado: 10 puntos

8.3. Entre o 30,01 % e o 40 % do financiamento acreditado: 15 puntos

8.4. Entre o 40,01 % e o 50 % do financiamento acreditado: 20 puntos

8.5. Máis do 50 % do financiamento acreditado: 25 puntos

B. CRITERIOS DE VALORACIÓN DA PROPOSTA PARA O ANO 2023

1. Antigüidade do festival: ata 25 puntos

1.1. De 4 a 6 edicións: 10 puntos

1.2. De 7 a 10 edicións: 15 puntos

1.3. De 11 a 15 edicións: 20 puntos



Mércores, 15 de febreiro de 2023

Núm. 32

1.4. Máis de 15 edicións: 25 puntos

2. Actividades e accións paralelas previstas: ata 35 puntos

Cada acción só poderá puntuar en cada un dos apartados onde se inclúa, agás no caso do punto 2.6, que poderá ser unha acción transversal.

2.1. Destinadas ao sector audiovisual profesional, coma charlas, publicacións e clases presenciais, apertura de canles de distribución ou outras accións: 1 punto por acción (ata 10 puntos)

2.2. Destinadas ao alumnado de formación audiovisual: 1 punto por actividade ou acción (ata 5 puntos)

2.3. Destinadas a novos públicos, específicos ou en risco de exclusión: 1 punto por actividade ou acción (ata 5 puntos)

2.4. Destinadas a proxectar o festival en días distintos aos que este teña lugar: 1 punto por actividade ou acción (ata 5 puntos)

2.5. Destinadas a promover a accesibilidade cultural, con servizos de apoio á comunidade audiovisual coma o subtitulado, o bucle magnético, a lingua de signos ou a audiodescrición: 1 punto por actividade ou acción (ata 5 puntos)

2.6. Destinadas a fomentar a lingua galega e a igualdade: 1 punto por actividade ou acción (ata 5 puntos)

3. Viabilidade do proxecto: ata 20 puntos

Valorarase a porcentaxe de subvención solicitada con respecto ao orzamento global do proxecto (co IVE, salvo no caso de ser deducible):

3.1. Entre o 40 % e o 50 % do orzamento: 5 puntos

3.2. Entre o 30 % e o 39,99 % do orzamento: 10 puntos

3.3. Entre o 15 % e o 29,99 % do orzamento: 15 puntos

3.4. Menos do 15 % do orzamento: 20 puntos

4. Custo total do proxecto subvencionable (co IVE, salvo no caso de ser deducible): ata 30 puntos

4.1. Ata 20.000,00 €: 1 punto

4.2. De 20.000,01 € a 40.000,00 €: 2 puntos

4.3. De 40.000,01 € a 60.000,00 €: 6 puntos

4.4. De 60.000,01 € a 80.000,00 €: 10 puntos



Mércores, 15 de febreiro de 2023

Núm. 32

4.5. De 80.000,01 € a 100.000,00 €: 15 puntos

4.6. De 100.000,01 € a 120.000,00 €: 25 puntos

4.7. Máis de 120.000,00 €: 30 puntos

C) CALIDADE E INTERESE DA PROGRAMACIÓN DO FESTIVAL

Nesta epígrafe teranse en conta a temática, a especialización e a diferenciación con respecto a outros festivais ou certames do panorama galego e estatal, a incidencia dentro do panorama cinematográfico autonómico e nacional, a contribución ao aumento das posibilidades de difusión posterior a nivel nacional e internacional das obras presentadas, a calidade das proxeccións, o compromiso e as accións para a necesaria paridade de xénero como elemento democratizador, os seus principios paritarios no seu contido, no seu equipo organizativo e nos seus xurados avaliadores, o tratamento das copias e demais condicións que aseguren unha adecuada exhibición das obras audiovisuais e o número de obras en primeira presentación oficial con respecto a Galicia e a España.

A puntuación máxima asignarase proporcionalmente entre os aspectos mencionados, e destinarase un máximo de 60 puntos para a edición anterior e a traxectoria do festival, e un máximo de 40 puntos para o proxecto actual.

Rexeitaranse aquelas solicitudes que na suma da súa valoración non acaden un total de 100 puntos. Para o resto dos festivais a repartición proporcional dos importes efectuarase a partir dese valor mínimo establecido.

Décimo quinta. Instrución e resolución do procedemento

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao xefe do Servizo de Cultura, quen realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales emitirá un informe-proposta no que figure a valoración das solicitudes segundo os criterios sinalados na base décimo cuarta, e no que explicará o sistema seguido, de conformidade co previsto no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e no artigo 24 da LXS. Este informe-proposta, xunto coa relación de todos os expedientes, remitiráselle á Intervención para a súa fiscalización.

A comisión de valoración realizará un estudo do informe-proposta das solicitudes de subvención emitido polo xefe do servizo. Esta comisión é un órgano colexiado composto por:

- Presidencia: a deputada delegada da área de Cultura
- Vogalía: dúas técnicas ou técnicos do Servizo de Cultura e unha ou un do Servizo de Intervención
- Secretaría: unha funcionaria ou un funcionario do Servizo de Cultura, que actuará sen voto

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: EV52APZMWXZKR3QRP



A comisión de valoración poderá:

- Solicitar cantos informes estime necesarios para resolver
- Emitir un informe respecto das solicitudes de subvención

Para valorar a calidade da programación (apartado c) da base décimo cuarta, crearase unha comisión técnica, que estará composta por tres persoas expertas e de recoñecida traxectoria no sector audiovisual, musical e das artes escénicas que non teñan relación con ningunha das persoas solicitantes nin vínculo directo cos proxectos que se poidan presentar.

Este comité técnico é un órgano colexiado composto por tres persoas expertas de recoñecido prestixio no ámbito do audiovisual e unha técnica ou técnico do Servizo de Cultura, sen dereito a voto, que actuará como secretaria ou secretario.

A condición de membro do comité ten carácter persoal, polo que non pode actuar por delegación nin substituírse en ningún caso.

Este comité técnico redactará unha acta, na que se especificará o xeito de puntuar os criterios subxectivos, e elaborará un informe preceptivo que será motivado, no que se relacionarán os proxectos examinados por orde de prelación e a puntuación asignada a cada un deles.

Unha vez entregado o informe á comisión de avaliación, o Servizo de Cultura, á vista da documentación que consta neste, formulará un informe-proposta de resolución de concesión provisional, debidamente motivado, que deberá expresar a persoa solicitante ou a relación de solicitantes para as que propón a concesión da subvención e a súa contía, así como as solicitudes desestimadas, as desistidas e as non admitidas a trámite. Este informe proposta será fiscalizado.

O procedemento de concesión das subvencións é o de concorrencia competitiva.

A proposta de concesión de subvencións someterase á aprobación do órgano competente.

A resolución do procedemento notificaráselles ás entidades interesadas, conforme o previsto no artigo 40 da LPACAP, e publicarse no BOPPO, segundo o artigo 12.2 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Na resolución do procedemento por parte do órgano competente, de conformidade co disposto nestas bases reguladoras, deberán acreditarse os fundamentos da resolución que se adopte; o prazo máximo de resolución do procedemento será de seis (6) meses a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen notificar as potenciais persoas beneficiarias lexitímaas para entender como desestimadas por silencio administrativo as súas solicitudes de concesión de subvención.

Contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditase, no prazo dun (1) mes a partir do día seguinte ao desta notificación (artigos 112 e 124 da LPACAP), ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-



Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo sexta. Modificación da resolución

Tal como se establece no artigo 64 do Regulamento da LXS (Real decreto 887/2006, de 22 de xullo) e no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, unha vez notificada a resolución de concesión, despois da solicitude razoada, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar a modificación do seu contido sempre que se manteña a finalidade da axuda, que poderá autorizarse cando non se danen dereitos de terceiras persoas.

Esta solicitude de modificación deberá presentarse no prazo dun (1) mes desde a notificación da concesión e será obxecto do acordo do órgano que a concedese, logo do informe favorable da área de Intervención e da proposta previa da comisión de valoración, que deberá ter en conta as seguintes circunstancias:

- Os informes pertinentes e, segundo o caso, a solicitude ou as alegacións da persoa beneficiaria, sen danar os dereitos de terceiras persoas.
- Se o orzamento da nova actividade é superior ou igual ao subvencionado inicialmente, manteranse as condicións da subvención concedida en canto ao importe da subvención e ao orzamento subvencionado.
- Se o orzamento da nova actividade é inferior ao subvencionado inicialmente, a comisión de valoración deberá determinar, logo do informe previo do Servizo de Cultura, o novo importe da subvención e o novo orzamento subvencionado, que serán inferiores aos inicialmente establecidos.
- A entidade beneficiaria ten a obriga de solicitarlle a esta institución provincial a aceptación de calquera modificación ou alteración relevante ou significativa sobre o proxecto subvencionado. Para que tales modificacións poidan terse en conta na xustificación deberán ser previamente aceptadas polo organismo provincial. As alteracións non autorizadas ou non solicitadas poderán minorar a subvención concedida ou revogala.
- Non se aceptarán modificacións que lles afecten aos requisitos esixidos para poder optar ás subvencións na base cuarta desta convocatoria, nin as que cambien a puntuación acadada na valoración realizada no réxime de concorrencia competitiva.

Décimo sétima. Xustificación

As entidades beneficiarias da subvención, logo da concesión, quedarán obrigadas a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal se lles concederon, de acordo co proxecto achegado na solicitude.

Unha vez notificada a aprobación das subvencións concedidas e realizada a actividade, as entidades beneficiarias deberán xustificalas. O prazo para presentar a xustificación da axuda rematará o 28 de febreiro de 2024.



A documentación xustificativa que figura a continuación presentárase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo “instancia xenérica”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>:

a) Memoria xustificativa, na que figuren todas as actividades realizadas e sinaladas previamente no expediente e na que se inclúa toda a programación paralela aos efectos de comprobar que se cumpriron as condicións establecidas na solicitude de subvención.

b) Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida; indicáranse en cada factura o número de unidades, os prezos unitarios destas e o custo total de cada unidade.

c) Conta xustificativa dos gastos na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada, na que se detallen as facturas ou os documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, se poña de relevo que os gastos que figuran na antedita conta xustificativa se aplicaron á finalidade para a que se concedeu a axuda e se indique que o resto dos xustificantes da conta se encontran no domicilio da entidade beneficiaria a disposición da Deputación para o seu exame.

d) Os gastos xustificados deberán axustarse no posible aos conceptos incluídos no orzamento inicial, sen que se aboe máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida; establecérase unha porcentaxe de desviación máxima no custo dos diferentes conceptos da actividade subvencionada con respecto ao orzamento inicial pormenorizado (que non debe superar o 20 %).

e) Os gastos que figuren na conta xustificativa aboaránselles preferiblemente ás e aos provedores antes de presentar a xustificación da subvención, pero en todo caso no prazo máximo dun (1) mes desde a percepción dos fondos. O gasto non pagado ou pagado fóra deste prazo non se considerará subvencionable.

f) As e os beneficiarios das subvencións provinciais deben empregar con carácter xeral formas de pagamento a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira, no que queden identificados a ou o beneficiario, o importe e a data de pagamento (tarxetas de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.); só excepcionalmente, cando non sexa posible outra forma alternativa, poderá empregarse o pagamento en metálico sempre que non supere o importe de novecentos (900,00) euros. O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que este se considere non subvencionable.

g) Acreditación da debida divulgación do financiamento por parte da institución provincial da actividade subvencionada mediante soportes publicitarios, físicos ou telemáticos, que inclúan o logotipo de Deputación de Pontevedra.

h) Declaración de que non se recibiron outras subvencións de administracións públicas ou entidades privadas para a finalidade subvencionada ou, no seu caso, detalle do financiamento obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo total da finalidade subvencionada.



Mércores, 15 de febreiro de 2023

Núm. 32

i) Para cobrar a axuda concedida as entidades deberán, no momento do pagamento, estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación, situación que determinará de oficio a propia institución.

Décimo oitava. Pagamento

Para pagar a subvención terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifiquen gastos polo 100 % do orzamento subvencionado e a totalidade das actividades incluídas no proxecto, aboarase a totalidade da subvención
- No caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100 %, aboarase a parte proporcional da subvención
- A subvención minorarase igualmente no caso de incumprimento defectuoso da totalidade das actividades incluídas no proxecto presentado inicialmente

O pagamento efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade perceptora.

En casos especiais debidamente xustificados e previo informe favorable da área de Intervención, establécese a posibilidade do pagamento anticipado de ata un máximo do 50 % da subvención concedida, nos termos establecidos no artigo 27 da Ordenanza xeral de subvencións.

Décimo novena. Incumprimento

Se vencese o prazo de xustificación sinalado na base décimo quinta sen que a entidade beneficiaria achegase a documentación xustificativa, o Servizo de Cultura requiriralle que a presente no prazo improrrogable de quince (15) días.

De non entregar a documentación neste prazo, perderase a subvención, coas demais responsabilidades previstas na LXS.

Vixésima. Devolución e reintegro

As subvencións concedidas deberán devolverse ou reintegrarse, previa instrución do procedemento de reintegro, nos seguintes casos:

- Cando se obtivesen falseando as condicións requiridas
- Se non se aplican aos fins para os que se concederon
- Se as entidades beneficiarias incumpren as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases

Vixésimo primeira. Órgano de aprobación

De acordo co recollido na base 16.2 das de execución do Orzamento para o ano 2023 e o establecido no artigo 18 da LXS, o órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: EV52APZMXZKR3QRP



Mércores, 15 de febreiro de 2023

Núm. 32

Vixésimo segunda. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, o texto da convocatoria remitiráselle á BDNS para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Vixésimo terceira. Protección de datos

Os datos persoais recollidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Vixésimo cuarta. Normativa aplicable e dereito supletorio

As axudas concedidas nesta convocatoria axustaranse ao establecido nela, na LXS, no Regulamento da LXS (Real decreto 887/2006, de 22 de xullo) e na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, publicada no BOPPO núm. 249, de 30 de decembro de 2016.

Con carácter supletorio, rexerán a LPACAP e a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:EV52APZMXZKR3QRP

